

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA

En Vigo, 16 de abril de 2025

REUNIDOS

Dunha parte Don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 144/2024, do 20 de maio, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


E doutra, Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO).

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente convenio de colaboración e a tal efecto:

MANIFESTAN

Primeiro.- Que no marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade, é unha función esencial, dentro da misión da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde. Entre estas actuacións atópase o control aerobiolóxico, polo seu grande interese clínico debido á capacidade alerxénica do pole e a súa utilidade para coñecer a dinámica atmosférica das partículas biolóxicas. Non obstante, a Consellería de Sanidade non dispón dos medios axeitados para realizar esta tarefa.

Segundo.- Que a UVIGO é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír ao avance tecnolóxico para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social. Concretamente, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo da UVIGO o grupo de investigación GISA (Grupo de Investigación en Sistemas Agroambientais), a través do Catedrático Francisco Javier Rodríguez Rajo e a Profesora Titular María Fernández González, teñen unha dilatada experiencia neste eido. Concretamente contan cunha liña de investigación específica de "Aerobiología" co obxectivo de estudar o pole, esporas e as proteínas alerxénicas atmosféricas das especies vexetais con



interese alérgico e a predición das súas concentracións na atmosfera. Este departamento é o centro asociado á Rede Española de Aerobioloxía en Galicia.

Terceiro.- Que na última década se levou a cabo a monitorización do pole presente na atmosfera galega, tanto por motivos sanitarios como medioambientais para coñecer a dinámica das partículas. Como resultado dos convenios anteriores creouse a Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico na Comunidade Autónoma Galega. Este convenio ven a posibilitar que se siga avanzando nos estudos e coñecemento de este eido, dando así continuidade ao texto anterior, cuxa vixencia se estendeu dende 2021 ata 2024.

Cuarto.- Que a UVIGO ten interese en continuar con este proxecto, porque posibilita que os membros do grupo de investigación implicado realicen estudos importantes para completar algúns eidos das súas liñas de investigación e permitirá establecer relacións epidemiolóxicas con resultados obtidos previamente polo referido grupo de investigación.

Quinto.- Ambas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a distribución polínica da atmosfera galega e a dinámica das partículas que é moi importante a nivel sanitario.

Por conseguinte, sendo todas as partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de colaboración para o control aerobiolóxico de Galicia, sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

A finalidade do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade e a UVIGO para a prestación do apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas co control aerobiolóxico de Galicia.

Segunda.- Obrigacións da UVIGO.

A UVIGO comprométese á realización das seguintes actividades:



Cunha frecuencia semanal:

- Recoller as mostras aerobiolóxicas en catro estacións activas localizadas en Santiago, Lugo, Ourense e Vigo. A experiencia indica que o contido alerxénico é máis elevado nestas poboacións e a súa localización permite realizar extrapolacións de datos a outros territorios. A recollida semanal da mostra permite a obtención de preparacións microscópicas diarias.
- Trasladar e procesar das mostras seguindo a metodoloxía validada pola Rede Española de Aerobioloxía.
- Identificar e recontar os tipos polínicos alergóxenos.
- Actualizar a palinoteca e bases de datos.
- Remitir a información polínica á DXSP nun formato que permita traballar cos datos remitidos.
- Colaborar coa Sociedade Española de Alergología y Inmunología Clínica (SEAIC) para o intercambio de información aerobiolóxica da estación polínica de A Coruña.

De marzo a xullo remitirase a predición da concentración de pole durante o período principal de presenza de pole no ambiente e levarase a cabo traballo fenolóxico de campo e a consulta das variables meteorolóxicas. Finalmente, elaborárase unha memoria de resultados semestral e realizaranse tarefas de difusión e produción científica dos resultados derivados do convenio.

A dirección destas actividades encomendadas á UVIGO será realizada polo equipo de investigación baixo a dirección da Profesora Titular María Fernández González, que ademais actuará como interlocutora fronte a Consellería.

Terceira.- Obrigacións da Consellería

A Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Publicar a información polínica recibida e valoración desta en termos de saúde.
- b) Mencionar á UVIGO cando se faga uso público do datos obtidos.
- c) Promover accións de coordinación ou colaboración.

Nos quince días seguintes á sinatura do presente convenio, a Consellería de Sanidade nomeará un interlocutor responsable do seguimento das actividades indicadas neste convenio e que será encargado da recepción dos resultados.



Cuarta.- Dereitos de propiedade industrial e intelectual

Os resultados que se xeren no campo da investigación, desenvolvemento e innovación, a titularidade e os dereitos de explotación destes resultados rexeranse polo disposto no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei de propiedade intelectual, así como na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible (artigo 53 e seguintes); en todo caso o produto das actuacións do convenio será de titularidade compartida entre as partes.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para a aplicación, seguimento e interpretación do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por un representante da Consellería de Sanidade e un da UVIGO.

O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, para órganos colexiados.

Serán funcións desta comisión garantir o cumprimento dos obxectivos e obrigas do convenio e promover a produción científica derivada dos resultados do convenio.

Sexta.- Xestión económica e pagamento

A Consellería de Sanidade comprométese a ingresar, á consecución dos obxectivos fixados con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.3, na que se prevé que exista crédito suficiente, a cantidade de cento setenta e catro mil douscentos corenta euros (174.240 € = 144.000 € + 30.240 € do IVE) entre os anos 2025 e 2028 á UVIGO distribuídos anualmente tal como se indica a continuación:

Ano	Importe	IVE 21%	Total
2025	36.000,00 €	7.560,00 €	43.560,00 €
2026	36.000,00 €	7.560,00 €	43.560,00 €
2027	36.000,00 €	7.560,00 €	43.560,00 €
2028	36.000,00 €	7.560,00 €	43.560,00 €
Importe	144.000,00 €	30.240,00 €	174.240,00 €

O pagamento das prestacións realizarase en dous pagos anuais:

- Un 50% no mes de abril. En marzo comeza a actividade polínica, polo tanto é preciso nese momento dispoñer de persoal e o equipamento necesario para facer as actividades e os desprazamentos.
- Un 50% restante no mes de outubro. Nese momento a actividade polínica máis



importante xa rematou e xa se poden analizar os resultados do ano en curso de xeito global.

En todo caso, ambos pagamentos, serán efectuados para a realización das tarefas encomendadas e a factura deberá ir acompañada da memoria das tarefas desenvolvidas ata ese momento.

A achega económica da Consellería de Sanidade soamente cubrirá as custas da realización das actividades sen que ningunha das partes obteña beneficio ou lucro. A UVIGO deberá presentar a correspondente factura que será debidamente conformada.

Sétima.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non establece relación contractual ningunha entre a Consellería de Sanidade e os profesionais da UVIGO que realicen as actividades obxecto deste convenio.

Oitava.- Natureza xurídica. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e, segundo o previsto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, é un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Novena.- Extinción e resolución do convenio

Son causas de resolución deste convenio:

1. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.

2. O acordo unánime das partes asinantes.



3. O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva.
4. A denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso de dous meses.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

En razón do interese público, a Consellería de Sanidade poderá suspender a execución do convenio, previa presentación dun informe ao respecto que será discutido na comisión mixta.

No caso de resolución anticipada por acordo unánime e, en canto á liquidación das obrigas pendentes, cada entidade asumirá a parte proporcional que lle corresponda.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2028.

Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser suscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Décimo segunda.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do convenio outorgan o seu consentimento expreso para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos



termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba da conformidade, formalízase e asínase polas partes o presente convenio en duplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade

O Conselleiro de Sanidade



Antonio Gómez Caamaño

Pola Universidade de Vigo

O reitor



Manuel J. Reigosa Roger